

Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Persoal, oposicións

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENCARGADO DE OBRAS (PERSOAL FUNCIONARIO) DO CONCELLO DA ESTRADA (PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL)

ANUNCIO

Expediente núm.: 2470/2022

Departamento: Persoal

Por Resolución de Alcaldía n.º 2022-0682 de 26 de maio de 2022, aprobáronse as Bases Xerais a para a cobertura en propiedade dunha praza de Encargado de Obras (Persoal Funcionario) vancante neste Concello:

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENCARGADO DE OBRAS (PERSOAL FUNCIONARIO) DO CONCELLO DA ESTRADA (PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL)

Primeira. Obxecto

O obxecto das presentes bases é a cobertura en propiedade dunha praza de funcionario/a de carreira, polo sistema de concurso-oposición por promoción interna horizontal, de unha praza de Encargado de Obras. A devandita praza está integrada no grupo C, subgrupo C2 e está clasificada no Cadro de Persoal do Concello da Estrada na Escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, dotada do soldo correspondente ao seu grupo, e o nivel de complemento de destino e cantidade asignada como específico, que figura na RPT en vigor, incluída na Oferta de Emprego Público 2019, publicación oficial no DOG N.º 16 do 24 de xaneiro de 2020.

Segunda. Condicións de admisión das persoas aspirantes

a. Ter a condición de persoal funcionario de carreira do Concello da Estrada pertencente á escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, subgrupo C2, segundo o artigo 76 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e prestar , polo menos, dous anos de servizos efectivos en postos, reservados a esa subescala e grupo de Oficial de Obras ou Vías Públicas .

b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

c. Non estar incurso en procedemento disciplinario por falta grave o moi grave, nin estar cumprindo a sanción por ditas faltas, así como non ter sido separado do servizo de calquera das administracións públicas, en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública.

d. Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

e. Estar en posesión del permiso de conducir tipo C1

Data de cumprimento de requisitos. Todos os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo. Igualmente, deberán manterse durante todo o proceso selectivo, ata o momento da toma de posesión, e acreditarse, en caso de resultar seleccionados, do modo indicado nas bases da convocatoria

Terceira. Forma e prazo de presentación de solicitudes

A. Nos termos establecidos no artigo 14.2.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todos os interesados neste proceso selectivo deberán comunicarse co concello da Estrada exclusivamente a través de medios electrónicos.

B. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 4 desta base 3ª, a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Poderán obter o modelo de instancia ben no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou na páxina web www.aestrada.gal.

C. A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente
- b) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso, de acordo co disposto nestas bases.
- c) Copia do permiso de conducción esixido.

d) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 15,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza.

D. As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberá presentar as súas instancias dirixidas ao sr. Alcalde, en modelo que se engade como Anexo II, de xeito telemático na Sede Elec



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

trónica do Concello da Estrada <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> durante o prazo de 20 DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. O texto íntegro das Bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal <http://www.aestrada.gal/>, e publicarase no Diario Oficial de Galicia un extracto da convocatoria.

E. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello da Estrada cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polas persoas interesadas, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude.

F. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

Cuarta.- Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/board>, na páxina web do concello <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, así coma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, publicarase o anuncio da convocatoria no Dog e no BOE.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario; non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

Quinta. Admisión de aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo dos 20 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará una resolución relativa á aprobación da lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A resolución publicarase no



Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal. Concédese un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

2. Rematado o citado prazo, a Alcaldía emitirá Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo. Na mesma resolución determinarase a composición do Tribunal cualificador, así como o lugar de realización das probas e a data de comezo das mesmas. Dita resolución publicarase no BOPPO, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello.

Sexta. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Sétima.Procedemento de Selección

O sistema de selección será o concurso-oposición por promoción interna que constará de 2 fases que se citan a continuación:

a) Fase de concurso de méritos: consistirá na calificación polo Tribunal dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes conforme ao disposto nestas bases.

b) Fase de oposición: Probas de coñecementos e aptitudes, que terá carácter eliminatorio.

Nesta convocatoria ao tratarse dun proceso por promoción interna, de conformidade co disposto co previsto no artigo 77 do R. d. 364/1995, de 10 de marzo, as persoas aspirantes á praza están exentas das materias das que acreditasen suficientes coñecementos no proceso de ingreso na subescala de orixe.

A puntuación total máxima será de 30 puntos, dos cales 10,00 puntos corresponderán á fase de concurso, e 20,00 puntos á fase de oposición.

Fase de concurso

1. Méritos profesionais (ata un máximo de 6,00 puntos):

- 0,40 puntos por cada ano de servizo prestado ou fracción mínima de seis meses no posto de Oficial de Obras ou Vías Públicas, en calquera Administración Pública (máximo 6 puntos).

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Os servizos prestados para esta administración acreditaranse mediante o correspondente Informe de servizos prestados emitido polo concelleiro del persoal, e emitirase de oficio.

Os servizos prestados noutras Administracións acreditaranse mediante certificado do Secretario da Corporación ou entidade e acompañarase a vida laboral.

2.- Formación Académica (ata un máximo de 2,00 puntos): Por posuír ou abonar os dereitos para a obtención dun título distinto ao esixido para participar nesta convocatoria, outorgarase a seguinte puntuación:

- Licenciatura universitaria / título de Grao: 2 puntos.
- Diplomatura universitaria: 1,5 punto
- Ciclo Superior de Formación Profesional: 1 punto
- Ciclo Medio de Formación Profesional: 0,50 puntos.



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

Só será puntuable unha titulación e en caso de acreditar máis dunha será puntuada a superior. Será imprescindible a presentación do título ou na súa falta o xustificante de abonar os dereitos correspondentes para a súa obtención.

No de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá acreditarse a súa homologación polo Ministerio de Educación ou calquera outro órgano da Administración competente para iso.

En todo caso, os títulos presentados para a súa valoración deberán de ser acordes ao establecido no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais.

A puntuación máxima a outorgar por este apartado será de 2 puntos, o que supón un 25% da puntuación total da fase de concurso.

3. Cursos, seminarios, congresos, xornadas (ata un máximo de 2,00 puntos): Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas .

Publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso:

O Tribunal fará pública no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, (<https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>), na páxina web municipal (<https://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>) e no Portal de Trasnparencia <https://aestrada.sedelectronica.gal/transparency> a puntuación provisional outorgada a cada persoa aspirante e concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas. A puntuación definitiva farase pública, así mesmo, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal e no portal de transparencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5D7YAST3YOLBCC987



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

Fase de Oposición

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 70 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. O exercicio será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, e para aprobar cada un dos exercicios deberase obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en superar unha proba de carácter práctico (non escrita), durante un período máximo de 30 minutos, e consistirá na realización de un ou varios supostos de carácter práctico, iguais para todos os opositores, que prantexará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que serán relativos ás funcións de Encaragado de Obras e relacionadas coas materias específicas contidas no Anexo I destas bases e que poñan de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos aspirantes, en relación ao posto ao que se opta.

A cualificación deste exercicio será decero (0) a dez (10) puntos, e para aprobar cada un dos exercicios deberase obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 3 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Desenvolvemento do proceso selectivo

1. O comezo do 1º exercicio deberá anunciarse con 15 días de antelación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web, atrasándose a data de inicio das probas para cumprir o dito prazo se fose preciso.

2. Os exercicios, probas e lecturas de exercicios escritos practicaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "T" consonte á RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento



de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia No suposto de non existir ningunha persoa aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciárase por aquelas cuxo primeiro apelido comence pola letra seguinte, e así sucesivamente.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Entre a realización de cada un dos exercicios da oposición (excluídos os non eliminatorios) deberá transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Unha vez comezados os exercicios dos procesos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Será suficiente coa publicación polo órgano de selección na dirección web municipal <http://www.aestrada.gal/>, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica con polo menos 24 horas de antelación ao comezo cando se trate do mesmo exercicio, e de 48 horas se é un novo. Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer un recurso administrativo ante o órgano competente, conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios máis a puntuación obtida na fase de concurso.

Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da da sede electrónica e na web municipal. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, ao cualificar cada un dos exercicios, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, que só se terá en conta para lle formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final (en que o número de persoas aprobadas nunca poderá superar o de prazas convocadas).

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase a favor da persoa que obtivera maior puntuación na fase de oposición; de persistir



o empate optarase por aquel que teña maior puntuación na fase de experiencia profesional; Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a maior puntuación nas titulacións académicas. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Décimo primeira. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas

1. A listaxe de persoas aprobadas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal. Dentro da lista de persoas aprobadas propoñerase para o nomeamento de persoal funcionario aquel/a aspirante que acade a maior puntuación no seu conxunto.

2. A persoa aspirante proposta ao nomeamento deberá achegar, dentro do prazo máximo de 20 días hábiles contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

1. Declaración xurada de cumprir os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

Décimo segunda. Nomeamento e Toma de posesión.

Concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante proposta, será nomeada funcionario/a de carreira polo Sr. Alcalde, unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso. O nomeamento publicarase no Diario Oficial de Galicia.

A formalización de toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento do/da interesado/a no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60. c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Se non o fixera sen causa xustificada quedarían anuladas todas as actuacións entendéndose, así mesmo, que renuncia á praza, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento do seguinte aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición. Previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida na lexislación vixente, segundo acta de toma de posesión.

No indicado prazo, se procede, o funcionario nomeado deberá exercitar a opción prevista no artigo 10 da Lei 53/84, de 26 de decembro. A falta de opción no prazo indicado, entederase que opta polo novo posto, pasando á situación de excedencia voluntaria no que viñera desempeñando.

Décimo terceira. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.



Décimo cuarta. Incidencias e recursos

As convocatorias e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas e polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

ANEXO I. TEMARIO

- 1.- Interpretación de planos. Escalas
2. Mantemento e reparación de edificios. Patoloxías, criterios de execución e prioridades. Conceptos xerais de albanelería.
3. Elaboración de morteros e formigóns. Emprego e execución.
4. Cimentacións. Tipos. Mateirais. Execución.
5. Cubertas. Tipos. Materiais. Partes da cuberta. Replanteo.
6. Demolicións e apuntalamo de edificios. Execución. Medidas de protección. Movemento de terras.
7. Solados, alicatados e aplacados. Interiores e exteriores. Tipos. Materiais.
8. Cerramentos e tabiquería. Materiais. Ferramentas: Uso e mantemento.
9. Fontanería de edificios. Rede de evacuación de augas residuais e pluviais. Conceptos xerais.
10. Seguridade e hixiene nas obras. Equipos de protección individual en obras. Medidas de protección colectiva en obras.



Luns, 13 de xuño de 2022

Núm. 112

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ENCARGADO DE OBRAS (PERSONAL FUNCIONARIO, GRUPO C, SUBGRUPO C2)

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son do anuncio da convocatoria para a provisión en propiedade de 1 praza de Encargado de obras, segundo bases publicadas no BOP n.º _____ .

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente. Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

Fotocopia do documento nacional de identidade.

Carné de conducir (tipo C)

Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 3 ou equivalente).

Méritos

Vida laboral

Xustificante do pagamento das taxas de inscrición/ certificado de exención.

(sinatura da persoa solicitante)

A Estrada, á data da sinatura dixital
O ALCALDE
D. José C. López Campos

